

Xornada do Día das Letras Galegas
Santiago de Compostela, 26 abril 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

A historia dos cancioneros que recollen as melodías tradicionais de Galicia



As primeiras recolleitas do corpus da música tradicional van asociadas a persoeiros galeguizadores dos círculos eclesiásticos, pero serán Marcial Valladares e Marcial del Adalid os músicos que sentan as bases dos primeiros estudos. A eles débémolles sumar o impacto da familia Murguía-Castro e, en diferente dimensión, da familia de Canuto Brea, que revalorizan o cancionero tradicional de Galicia.

Se os mencionados autores constituíron os piares, os que contribuíron de maneira especial a fornecer o coñecemento e o rexistro das melodías tradicionais foron Isidoro Hernández, Santiago Tafall, Casto Sampedro, Ramón de Arana, «o Pizzicato», Xoán Montes, Perfecto Feijóo, Luís María Fernández Espinosa, Víctor Said e outros máis.

Algúns deles non chegaron a publicar a súa recolla, pero deixaron a súa pegada recreando e harmonizando as melodías nas súas obras ou transferindo os seus arquivos a proxectos doutros colectores, entre os que destaca a colección de Casto Sampedro.

1. Marcial Valladares: *Ayes de mi País* (1842- 1865)

Marcial Valladares Núñez (A Estrada, 1821-Vilancosta, 1903) considérase que foi o primeiro galego que realiza unha recompilación da música tradicional de Galicia. O seu manuscrito de melodías tradicionais, con harmonizacións para piano, permaneceu inédito ata o ano 2010, que se publica co título de *Ayes de mi país*. Algunhas melodías foron publicadas na *Historia de Galicia* (1866) por Manuel Murguía. Na colección de Sampedro constan 39 melodías enviadas por Valladares. O seu cancionero, antes de ser editado, forneceu a moitos outros sen que logo estes o citasen. A Real Academia Galega publicou en 1970 o *Cantigueiro popular*, no que recolle as coplas de tradición oral.




2. Marcial del Adalid Gurrea: *Cantares viejos y nuevos de Galicia* (1877)

Marcial del Adalid Gurrea (A Coruña, 1826-Lóngora, 1881) é o músico que zumega romanticismo e europeísmo no tratamento das melodías que recolle do cancionero tradicional de Galicia.

Desde moi novo perfecciona os estudos musicais en Londres, con Moscheles, e visita París e Madrid, e xa de volta á Coruña trae consigo as correntes musicais europeas.

Na Coruña publica os primeiros cadernos de *Cantares viejos y nuevos de Galicia*, cunha ducia de melodías tradicionais para voz e piano que harmoniza baixo a influencia de Gounod.


A súa contribución ao coñecemento do cancionero popular comprende outras melodías que emprega na zarzuela *Pedro Madruga*, na ópera *Inés e Bianca* e na *Marcha triunfal de Galicia*.



3. José Inzenga Castellanos: *Cantos y bailes populares de España* (1888)

José Inzenga Castellanos (Madrid, 1828-1891), músico e membro da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, recibe a encomenda do Ministerio da Gobernación de realizar unha escolma dos cantos e bailes de España.

Con *Ecos de España* (1873) comeza a publicar as melodías tradicionais que recolle como colector, amais das recibidas dos seus colaboradores en Galicia. Publica *Cantos y bailes populares de España*, no que inclúe *Cantos e bailes da Galiza*. A maioría das melodías están harmonizadas para piano e inclúe 4 melodías publicadas por Adalid e 5 publicadas na *Historia de Galicia* de Murguía, harmonizadas por Marcial Valladares.



4. Felipe Pedrell i Sabaté: *Cancionero musical popular español* (1919-1922)

Felipe Pedrell i Sabaté (Tortosa, 1841-Barcelona, 1922), destacado musicólogo e pedagogo musical, é un dos compositores máis recoñecidos do nacionalismo musical.

Trasládase a París e a Roma para perfeccionar os seus coñecementos, o que vai influír nas futuras tendencias como compositor de música culta e popular. **Foi fundador das escolas de musicoloxía tanto en Cataluña coma no resto de España.**

No seu *Cancionero musical popular español* inclúe 56 melodías galegas que lle proporcionan diferentes colaboradores e que presenta harmonizadas tamén para voz e piano.




5. Luís María Fernández Espinosa: *Canto popular gallego* (1940)

Fernández Espinosa (Madrid, 1876-Pontevedra, 1960), o franciscano fillo predilecto da *boa vila*, actuou como dinamizador cultural e compositor de música polifónica, sacra e sinfónica.

Man dereita de Casto Sampedro no proxecto de compilación da música tradicional, contribuíu de forma singular ao coñecemento do cancionero de Galicia como etnomusicólogo, difusor mediante publicacións e harmonizador de melodías populares para voz e piano ou, seguindo a tendencia do coralismo europeo, para voces da coral polifónica. Publica 6 cadernos de melodías harmonizadas, con portada de Castelao, para voces e redución para voz e piano. No seu cancionero, *Canto popular gallego*, presenta unha nutrida colección de melodías e coplas co obxectivo de difundir unha selección de cantos populares clasificados por xéneros.



SECRETARÍA XERAL DA LINGUA
Pazo de San Roque, s/n
15781, Santiago de Compostela




6. Casto Sampedro e Folgar:
Cancionero musical de Galicia (1942)

Casto Sampedro e Folgar (Pontevedra, 1848-1937) foi o autor do proxecto de compilación da música tradicional de Galicia.

Compartiu con Víctor Said (1871-1914) a autoría da *Colección de cantos e bailes da provincia de Pontevedra* (1910), premiada pola Academia de Belas Artes de San Fernando.

No limiar desta colección exprésanlles a súa gratitude aos que contribuíron en maior medida a formar esta colección: Santiago Tafall, Manuel Fernández Alonso e Luis M.^ª Fernández Espinosa, Ramón de Arana, Perfecto Feijóo, Antonio Licer, Agustín Somoza, José Sanmartín e Román Pintos.


Posteriormente, foron moitos máis os colaboradores que acrecentaron día a día este proxecto que personalizará Filgueira Valverde coa edición do *Cancioneiro musical de Galicia*. No ano 1982 publícase unha nova edición e, no 2007, Carlos Villanueva coordinará outra.



7. Casto Sampedro e colaboradores:
Colección Sampedro (1994)

Manifestara Carlos Villanueva que Filgueira Valverde coa publicación do *Cancioneiro musical de Galicia* «só realizara un ordenamento *post mortem* bastante nesgado e con evidentes puntos escuros». Temos que citar a María Xesús Fortes, que organizou a *Colección Sampedro*, con 720 melodías, e a Xabier Groba, que editou *Casto Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral*, publicada polo Concello de Redondela, que nos mostra as melodías, os personaxes e os contidos desta significativa colección.

Os máis importantes colaboradores de Sampedro foron Marcial Valladares, Marcial del Adalid, Alejandra Murguía Castro, Víctor Said Armesto, Ramón de Arana, Luís María Fernández Espinosa, Xoán Montes, Santiago Tafall e unha longa lista de músicos, directores, compositores e anónimos colaboradores.



8. Jesús Bal y Gay e Eduardo Martínez Torner:
Cancionero gallego (1973)

Jesús Bal y Gay (Lugo, 1905-Madrid, 1993), musicólogo e intelectual galego, e Eduardo Martínez Torner (Oviedo, 1888-Londres, 1955), musicólogo e concertista asturiano, foron os autores do *Cancionero gallego*.

Bal y Gay, membro do Seminario de Estudos Galegos, recollera a música tradicional de Melide e outras localidades. No entanto, no *Cancionero gallego*, o corenta por cento das melodías, ás veces con entradas duplicadas, proceden doutros arquivos e coleccións, que solapan a súa verdadeira orixe. No *Cancioneiro* inclúense melodías dos colectores anteriores (Valladares, Adalid, Inzenga, Fernández Espinosa etc.), sen que se citen e sen que conste tampouco a bibliografía utilizada.



9. Outros cancioneiros

Aínda queda un grupo de cancioneiros que divulgaron a música tradicional en diferentes formas, pero o seu valor histórico mingua por retrotraer melodías de cancioneiros anteriores que non citan e que tamén carecen da bibliografía utilizada.

Escribira Filgueira Valverde no limiar do *Cancioneiro musical de Galicia* (1942) que a praxe científica dun estudo esixe citar os autores e as fontes que se reproducen, pero despois desta amoestación aínda se publicaron outros cancioneiros que omiten estes datos básicos nunha correcta praxe editorial.

Referímonos ao mesmo *Cancionero gallego* de Bal y Gay e Martínez Torner (1973), *Así canta Galicia* de Daniel González (1963), *Mil cancións españolas* da Sección Feminina (1966), *Cancionero de Galicia*, de Carlos Villalba Freire (1977), e *Galicia cantada* de Rogelio Groba (1984).



10. Manuel Rico Vereá:
Cancioneiro popular das Terras do Tamarela (1988)

Manuel Rico nace en Boimorto (1948). Profesor, etnógrafo e escritor, editou o *Cancioneiro popular das terras do Tamarela*, que é unha cala na música tradicional de Boimorto.

Esta recolla etnomusicográfica, supervisada por Dorothé Schubarth, é única no noso folclore, pois nunca antes se publicara un cancionero co corpus literario e musical dun concello. Podemos dicir que estamos ante un documento que nos mostra en profundidade o perfil musical dunha zona de transición entre a Galicia atlántica e a Galicia oriental.

Concedéronlle o premio Xunta de Galicia de xornalismo polo mellor programa musical do ano 1989 en RNE. Publicou varios cancioneiros escolares: *Vente vindo, ven cantando; Eu non canto por cantar* e *Eu ben vin virivín*.




11. Dorothé Schubarth e Antón Santamarina:
Cancioneiro galego de tradición oral (1982)

Dorothé Schubarth (Basilea, 1944-2023), catedrática na Academia de Música de Lucerna, e Antón Santamarina (A Fonsagrada, 1942), catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, editan no ano 1982 o *Cancioneiro galego de tradición oral*, e un ano despois, en 1983, *Cântigas populares*.

Ambas as dúas publicacións son escolmas do material etnomusicográfico recollido entre 1978 e 1980 e complementado con algúns cantares de zonas non exploradas e publicados noutros cancioneiros.

Trátase dunha primeira radiografía que realizan da música popular de Galicia e que inicia unha pequena revolución na metodoloxía, tanto no ámbito literario coma no musical.




O Cancioneiro popular galego (1984)

Despois do intenso traballo de recoller, analizar, clasificar e estudar o material tanto no eido literario coma no musical, publican o *Cancioneiro popular galego*, que vai marcar un antes e un despois na historiografía do cancionero tradicional de Galicia. Trátase dunha recolleita en 7 volumes con documentos sonoros, dos que se realiza unha transcripción e un estudo sistematizado, tendo en conta o ámbito literario e musical, unha análise das melodías e unha nova proposta de clasificación dos xéneros do cancionero de tradición oral.

Como nos mostra esta cala na historia dos cancioneiros, desde frei Martín Sarmiento ata a actualidade temos un ronsel de cancioneiros con diferentes autorías nos que están ausentes, salvo casos moi concretos, os e as transmisoras da literatura e da música de tradición oral.

Coa publicación do *Cancioneiro popular galego* de Schubarth e Santamarina, os e as informantes e cantos transmitiron a música e a



literatura de tradición oral acadan o merecido recoñecemento porque Dorothé coidaba singularmente os cantores e cantoras, informantes e protagonistas que comunicaron o prezado legado. Eran o complemento necesario e fundamental da súa obra e, porque ela o quixo, da obra de todos.

Toda esta creación, publicada pola Fundación Barrié de la Maza, consta de rexistros sonoros con copias dixitalizadas e doadas ao Museo do Pobo Galego e ao Consello da Cultura Galega, e con acceso para os novos investigadores no Arquivo Sonoro de Galicia.

